

ASISTENTES

Alberte Pivida, Rodrigo
Álvarez Álvarez, M^a Salomé
Álvarez Gómez, Iago
Álvarez Moreira, José Ángel
Andión Rodríguez, M^a Nuria
Araujo Araujo, Pilar Aurora
Barbudo Sampedro, Aitor
Barreiro Crespo, Juan Manuel
Bermejo Freijo, Itziar
Blanco Sierra, Javier
Bolaño García, Sandra
Bravo Bosch, M^a José
Caamaño Martínez, José Carlos
Carballo Piñeiro, Laura
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Chapela López, Sergio
Cid Fernández, Xosé Manuel
Comesaña Benavides, José Antonio
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Cuevas Alonso, Miguel
Diéguez Quintas, José Luis
Dios Casás, Ana
Dios Parada, Ana M^a
Domínguez González, José Luis
Doval Ruiz, M^a Isabel
Durán Barbosa, Rafael
Fernández Barciela, Mónica
Fernández Domínguez, Telmo
Fernández Fdez., Federico A.
Fernández Román, Daniel
Fernández Souto, Ana Belén
Formella, Arno
García Eirín, José Manuel
García Estévez, José Manuel
García González, Silvia
García Marcos, Ainhoa
Gómez Clemente, Xosé M^a
González Díaz, David
González Penín, Ana Isabel
Grande Seara, Pablo
Graña Sánchez, Andrés Lois
Hernández Sánchez, Jesús
Hervés Estévez, Javier
Lago Ferreiro, Alfonso
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Lesmes Romero, Yolanda
Lima González, Estela
López Escobar, Juan José
López Rubianes, Lucrecia M^a
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Martínez Gómez, Sandra María
Martínez Piñeiro, Manuel
Meis Solla, Iago
Mejuto Fernández, J. Carlos
Méndez Abelleira, Begoña
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Nóvoa Fernández, Yolanda
Otero Otero, Blanca
Paz Penín, Concepción
Pena Corbacho, Francisco
Peña Gallego, M^a Ángeles
Pérez Cota, Manuel
Pérez Peleteiro, Francisco
Piñero Vivas, Miguel Ángel
Pita Carballo, José Luis
Porteiro Fresco, Jacobo
Reboiro Jato, Miguel
Reboreda Morillo, Susana
Redondo Cervantes, Montserrat
Reigosa Roger, Manuel J.
Riobó Coya, Cristina
Rivas Conde, Filemón
Rivas Ferreiro, Mauro
Rodríguez Castañeda, Manuela
Rodríguez Daponte, M^a del Rocío
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 05 de xullo de 2024, convocada ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no Salón de Actos da Facultade de Comunicación do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo.

Previamente á sesión, a Mesa do Claustro sortea a letra para a quenda de intervencións: letra R.

Ás 10:00 h do día 05 de xullo de 2024 deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinariado 22 de decembro de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do manifesto sobre a situación en Gaza e en Cisjordania.
4. Informe do desenvolvemento anual do goberno.
5. Informe da Valedora Universitaria correspondente ao ano 2023.
6. Informe sobre a transparencia na Universidade de Vigo correspondente ao ano 2023.
7. Aprobación, se procede, da proposta de creación do Instituto de investigación de Lingua.
8. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros: Mesa do Claustro (2 vacantes), Consello de Goberno (8 vacantes), Comisión Electoral (3 vacantes), Comisión de Estatutos (10 vacantes), Consello de Campus de Ourense (5 vacantes), Consello de Campus de Pontevedra (5 vacantes).
9. Elección de membros do CG polo sector decanos/directores: 3 vacantes.
10. Elección dun membro da Comisión Electoral: 1 PDI-B.
11. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dun membro da Comisión de traballo para o impulso ao Manual de Boas Prácticas: 1 estudante.
12. Elección dun membro no Consello de Campus de Ourense: 1 PDI-B.
13. Elección, se procede, da presidencia do Consello de Estudantes da Universidade de Vigo (CEUVI): 1 estudante (membro do Consello de Goberno e do Claustro Universitario).
14. Quenda de intervencións.

Rodríguez Guerra, Alexandre
 Rodríguez Hernández, Cándido
 Rodríguez Míguez, Eva M.^a
 Rodríguez Pousa, Estela
 Ruiz Hidalgo, M.^a del Carmen
 Sáez Ocejo, José Luis
 Sánchez Moreiras, Adela M^a
 Santos Grandal, Juan
 Seijas Montero, María
 Siota Álvarez, Mónica
 Solla Carracelas, M^a Mercedes
 Soto González, M.^a Mercedes
 Surís Regueiro, Juan Carlos
 Teijeira Bautista, Marta
 Torres Pérez, Francisco José
 Torres Romay, Emma
 Valderrama Santomé, Mónica
 Valebona Refojos, Manuel
 Velasco Graña, M.^a Rita
 Vidal Vázquez, Ricardo
 Villanueva Villar, Mónica
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA
 Alonso Vega, M^a Flora
 Alonso Villar, M^a Olga
 Álvarez González, Susana
 Arévalo Tomé, Raquel
 Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
 Bernabeu Tello, Ana María
 Brea Castro, Millán
 Bringas López, Ana María
 Cancela Carral, M^a de los Ángeles
 Cuiñas Gómez, Iñigo
 Currás Valle, M^a Consuelo
 Díaz Redondo, Rebeca P.
 Fernández Iglesias, Manuel J.
 Fontán Bouzas, Ángela
 Gallardo Medina, Mercedes
 García García, Óscar
 Garrido Campo, Julio
 Garza Gil, M^a Dolores
 López Lago, Marcos
 López Mira, Álvaro Xosé
 Lorenzo Rodríguez, Edita de
 Losada Barreiro, Sonia
 Macías Cambra, Henrique
 Martínez Arribas, Fernando
 Méndez Reboredo, José Ramón
 Míguez Miramontes, Jesús Manuel
 Patiño Vilas, David
 Pérez Vázquez, María Consuelo
 Río Otero, Coral del
 Riobóo Lois, Alexo Breogán
 Rivo López, Elena

Rodríguez Domínguez, María Del Mar
 Rodríguez Guerra, Alexandre
 Rodríguez Martínez, Jairo
 Sáez Ocejo, José Luis
 Sánchez Moreiras, Adela M^a
 Seijas Montero, María
 Siota Álvarez, Mónica
 Solla Carracelas, María Mercedes
 Vaquero García, Alberto
 Varela Álvarez, Enrique José
 Vázquez Vicente, Xosé H.
 Villanueva Villar, Mónica
 Yáñez Bouza, Nuria

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de decembro de 2023.

O reitor propón que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor

O reitor informa do seguinte, aínda que expón que a presentación vaise pendurar para coñecemento xeral:


- A Comisión de Estatutos xa rematou os traballos, agás as disposicións transitorias e adicionais. Este mes está traballando a Secretaría Xeral coas recomendacións da Asesoría Xurídica. En setembro retomaranse os traballos. Unha vez finalizado o anteproxecto dos Estatutos, seguirase a súa tramitación coa súa posta en exposición pública.
- Melloras no posicionamento de campos QS:

Narrow Subject Rankings Overview

Universidade de Vigo

Subjects Analysed	Subjects Ranked	Top 100 Subjects
31	5	0

Number of Ranked Subjects



Number of Subjects by Performance Groups - Trend Over Time

	2021	2022	2023	2024
Top 200	1	1	2	3
Top 300	1	1	2	4
Top 400	2	2	3	4
Top 500	2	2	3	5

Top Subjects - Universidade de Vigo - QS Subject Rankings 2024

101-150
Petroleum Engineering

401-450
Electrical Engineering

501-550
Chemistry

201-250
Agriculture

501-550
Biology

- O proxecto SOSFOOD, liderado pola UVigo e coa participación de 17 entidades europeas, está dotado con máis de 4 millóns de euros.
- Investigadores deatlanTTic participan no proxecto europeo RETINA; dotado con 6.2 millóns de euros e dedicado ao desenvolvemento de sensores fotónicos.
- O proxecto europeo ECOTOURS está dedicado ao turismo sostible.
- Novos proxectos europeos: Pathfinder. Adaptation. Isabel Pastoriza. Pathfinder. Everglass. Juan Pou e Rafael Comesaña. Firepocetep+. Evitación de lumes forestais. Juan Picos. Aquapred. SUDOE José Luis Legido. NewPower. SUDOE. Gil Garrote. Alert-PFAS. SUDOE. Manuel Martínez Piñeiro. Use4Forest. SUDOE. Juan Picos. IBEROS+. POCTEP.
- A Deputación de Pontevedra consolida as axudas e inclúe novo financiamento para actividades relacionadas co Campus CREA, a igualdade e a internacionalización, entre outras.
- Novos Convenios coa Deputación de Ourense.
- Enfermaría, pasos dados para a nova estruturación: aprobación da creación da Facultade polo Claustro, o Consello de Goberno e o Consello Social. Presentación da proposta de convenios de desvinculación ante a Consellería de Sanidade. Tramitación da modificación do plan de estudos de grao. Tramitación da creación do mestrado específico de Enfermaría.
- Os tres centros CIGUS renovan o seu selo. CINTECX e ECOBAS pasan a ser centros colaborativos. Seguiremos traballando para que acaden a distinción máxima do sistema universitario galego.



- A Universidade de Vigo, presente en Málaga no Foro Transfiere xunto con outros axentes do sistema galego, incluídos na delegación Xunta de Galicia – GAIN
- Galego, recoñecemento de centros: Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense. Galardón honorífico á Facultade de Filoloxía e Tradución.
- Estudantado Internacional.
- Presentación de libro Galaxia UVigo.
- Emprendemento INCUVI.
- Acto de toma de posesión de catedráticos/as e de profesorado titular. 48 novos Catedráticos/as e 45 novos profesores/as titulares.

- 30 novos profesores/as axudantes doutores. Peza clave na remuda xeracional. Xa se contabilizan como se estiveran xubilados os profesores e profesoras de máis de 67 anos.
Axuda no reequilibrio de áreas. Compromiso do programa de goberno: 30 por ano, é dicir, 120 novos profesores e profesoras axudantes doutores no mandato. Hai que sumar os do Plan Integra (Pendentes).
- Acto de homenaxe ás persoas que se xubilaron.
- O premio UVIGUALA 2024, concedido por unanimidade a ElasFanCienTec.
- Entrega dos Premios GirlGeekPower concedidos pola Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo aos mellores TFG e TFM STEM, con perspectiva de xénero.
- I Spanish Greenmetric Workshop.
- Anxo Angueira entra na RAG.
- Programa Atrae: a Universidade de Vigo recibe ao catedrático Carlos García de Leaniz.
- Feira EmpregoInCampus celebrada en Ourense.
- Cintex e as facultades de Comercio e de Comunicación acadan o Distintivo de Igualdade.
- II Regata Cátedra Almirante Álvarez Ossorio.
- The Thinking Institute.
- Novos Programas: Peoplenet e Sigma. Peoplenet está implantado nas opcións básicas. No vindeiro curso, esperamos ter implantadas funcións avanzadas. SIGMA atópase aínda en fase de implantación. Sabemos que o camiño está sendo duro, que xera máis traballo e que, polo de agora, hai incertezas. O teitor agradece o esforzo e pide paciencia, a implantación final dará moita ledicia.
- Proxecto facendo Plus.
- Redefinición da transferencia de coñecemento, estase a traballar para unha visión moito mais ampla, máis acaída.
- Cátedra Ribera-Povisa.
- UNiverso, o metaverso da Uvigo, o reitor agradece o traballo feito.
- 10th Atlantic Workshop, Economics for Energy, celebrado na illa da TOXA.

Conclúe o informe do reitor ás 10:28 h.

3. Aprobación, se procede, do manifesto sobre a situación en Gaza e en Cisjordania.

O reitor agradece moitísimo o manifesto que van presentar Xosé María Clemente, Andrés Graña e Nuria Andión por traballar nun manifesto necesario para a Universidade de Vigo.

Xosé María Clemente agradece igualmente o apoio do reitor, e pide que conste en acta o agradecemento ao reitor. O texto nace pola fonda preocupación da situación de Gaza e Cisjordania e nace do convencemento de que esta universidade tiña que manifestarse, despois das 4 reunións feitas para toda a comunidade universitaria ao longo de dous meses, e nace pola fonda preocupación pola situación en Gaza e Cisjordania, e tamén pola preocupación polas universidades palestinas. Tamén polo convencemento de que a Universidade de Vigo tiñase que manifestar dalgún xeito. Para isto, o texto que foron redactando nas 4 reunións acabou converténdose nunha moción para presentar e debater no presente Claustro, asinada por 12 claustrais. Despois comezan a lectura, comezando Nuria Andión, como representante do PAS, coa primeira parte:

A Universidade de Vigo por Palestina.

A violencia non é o camiño para construír unha sociedade mellor.

Manifesto do Claustro da Universidade de Vigo sobre a situación en Gaza e en Cisjordania:

“En xuño de 2024, despois de 9 meses de ataques do exército israelí, Gaza vive nunha situación autenticamente desesperada: 2 millóns de persoas desprazadas dos seus fogares, máis de 37.000 mortos, deles 15.500 nenos e nenas, máis de 10.000 persoas desaparecidas, 85.000 persoas feridas, hospitais, escolas, universidades destruídas, unha poboación que se enfronta á fame e á morte polo cruel bloqueo de axuda humanitaria imposto por Israel. Están vivindo quizais a fase final dun proceso que comezou en 1948.

O pobo palestino vive esta situación enfrontándose á inacción e á convivencia de moitos gobernos que prefiren agarrar as súas relacións diplomáticas, comerciais e xeoestratéxicas con Israel e pechan os ollos perante o masacre dun pobo. Nestes momentos, semella que comeza a haber movementos cara a unha condena explícita do Estado de Israel polas súas teimosas violacións dos dereitos humanos máis básicos, quizais o máis salientable a decisión da Fiscalía do Tribunal Penal Internacional da Haia do 20 de maio de 2024.

Segundo un informe da ONU publicado o 18 de abril de 2024, despois de 6 meses de ataques militares, máis de 5.479 estudantes, 356 profesores e profesoras, dos cales 95 eran da Universidade, foron asasinados en Gaza, e 7.819 estudantes e 756 profesores e profesoras quedaron feridos. Máis do 60% das institucións educativas están destruídas, incluídas 13 bibliotecas públicas. A última universidade de Gaza, a Universidade de Israa, foi demolida o 17 de xaneiro de 2024. O ataque contra as institucións educativas palestinas non se debe ao azar, senón que é unha acción planificada con grande precisión, destinada a esborrar os alicerces da cultura e da sociedade Palestina. Queren, cos ataques ás escolas e universidades, converter en cachotes o futuro dun pobo.

Unha universidade pública debe estar sempre a prol da crítica, da denuncia da guerra, da colaboración coa xente máis desfavorecida neste mundo desapiadado. Debe berrar con afouteza un "non á barbarie". Por isto, este Claustro da Universidade de Vigo (a continuación intervéñen Xosé María Clemente para continuar coa lectura do Manifesto):

1. Condena explicitamente a violencia contra as persoas polas súas ideas políticas, relixión ou orixe étnica, persoas abouxiadas polo discurso de odio que vai alagando paseniñamente as nosas sociedades.
2. Condena as accións bélicas do exército israelí na franxa de Gaza, así como de todas as accións que, contra o Dereito Internacional, por acción ou omisión, segue a levar a cabo o goberno de Israel nos territorios ocupados
3. Condena, coa mesma forza e convicción, a violencia contra calquera vítima inocente desta situación, sexa quen for, violencia exercida por medio de torturas e secuestros.
4. Condena a destrución á mantenta das universidades palestinas na franxa de Gaza e dos ataques a estudantes, profesorado e persoal universitario que está realizando Israel.
5. Exixe (Xosé María Clemente comenta que quizais sería máis acaído o verbo solicita), que o goberno de España rompa as súas relacións diplomáticas e comerciais con Israel e que deteña e bloquee de inmediato todo o fornecemento de armas. Tamén solicitamos que se suspenda o Acordo de Asociación UE-Israel por non se cumpriren as súas cláusulas no que atinxe ao respecto dos dereitos humanos. Este acordo de 1995 é o que permite que Israel sexa o país de fóra da UE máis financiado polo Consello Europeo de Investigacións, a través de 936 proxectos de colaboración entre universidades europeas e israelís.
6. Exixe que se evite calquera forma de colaboración coas universidades israelís que practiquen o apartheid co estudantado palestino, sexan coniventes co xenocidio ou contribúan ás estratexias israelís de expansión, colonización, anexión, espolio de recursos e modificación demográfica do territorio palestino ocupado, por estas prácticas seren contrarias ao Dereito Internacional. Todo o anterior obriga á suspensión, con efecto inmediato, da cooperación con institucións académicas israelís, empresas e centros asociados, públicos ou privados, mentres Israel estea a

realizar os seus ataques á poboación palestina, tanto en Gaza coma en Cisjordania e non cumpra coas súas obrigas como forza ocupante. Xa que logo, pedímoslle á Universidade de Vigo que revise, e suspenda cando for necesario, os acordos e proxectos de colaboración, docentes e de investigación, coas universidades israelís.

(A continuación procede á lectura Andrés Braña, representante do estudantado).

7. Pide que a Universidade de Vigo se comprometa a destinar recursos económicos para o recibimento e protección de estudantes, persoal académico e de administración, actualmente en situación de risco extremo, e a solicitar que se facilite o proceso de homologación de títulos para o estudantado palestino. Neste sentido, pide que se manteña a oferta de bolsas, xa creadas neste momento, e que se convide o profesorado para impartir docencia, de xeito presencial ou virtual, ó seu alumnado desprazado, se o houber, e para organizar calquera outro tipo de actividade académica.

8. Pide que a Universidade de Vigo se comprometa a converter a reconstrución material das universidades palestinas nun obxectivo estratéxico da nosa universidade para os vindeiros anos. Para o seguimento deste obxectivo deberase crear unha comisión específica.

9. Pide que a Universidade de Vigo se comprometa a incluír na páxina web da institución unha mensaxe que mostre a solidariedade con Palestina do mesmo xeito que se fixo para Ucraína.

10. Pide que a Universidade de Vigo se comprometa a apoiar e fomentar actividades culturais e informativas de solidariedade coa causa Palestina.

11. Pide que a Universidade de Vigo se comprometa a tomar medidas contra a desinformación en relación co pasado e o presente de Palestina.”.

Escóitanse varios aplausos.

O reitor cede a continuación a palabra a Juan Santos, claustral da Escola de Enxeñaría Industrial. Refírese ao punto 5 do Manifesto, considera que a nosa función non é ser moderadores de conflitos, debería revisarse alterando o contido que sexa hostil.

O reitor comenta que Xosé María Clemente comentou con anterioridade que prefería dicir solicitar, e non esixir no punto 5. Refírese tamén a ausencia dunha condena específica a Hamas, que o reitor fai explicitamente, e despois pregunta se se podería aceptar por asentimento se substitúen esixen por solicitan.

O estudante Juan Santos solicita votación, xa que non está de acordo co manifesto, esixe a supresión do punto 5.

O reitor di que se podería facer un tempo morto para chegar a un texto que valga a todos, porque a el persoalmente gustaríalle un acordo unánime. Poderíamos xuntar a todas as persoas, dar dez minutos e chegar a un texto que podamos aprobar todos.

Pilar Araujo, alumna de Turismo, non quere que a Universidade de Vigo se meta en temas complicados a nivel político. Apoiar e axudar parécelle ben, pero problemas políticos, ou esixencias de que se rompan relacións a nivel internacional, non soa nada ben.

Juan Carlos Mejuto comenta que lle sorprende que se estea discutindo a votación nun Claustro sobre a condena dun país soberano. O único estado democrático é o Estado de Israel, e neste momento Gaza está gobernado por un grupo terrorista, ISIS. Esta universidade debería absterse de facer unha condena deste tipo a non ser que sexa dirixida ao señor Netanyahu. Un membro do colectivo LGTBI, o único sitio onde podería vivir un musulmán deste colectivo sería no Estado de Israel, e alí pode vivir en democracia. Adianta o seu voto en contra de calquera resolución que se refira especificamente ao Estado de Israel.

Manuel Pérez Cota está de acordo co que dixo o Profesor Mejuto. O Estado Israelí é un estado democrático. É triste o que pasa en Palestina, pero hai que lembrar que todo arrancou do ataque a un Kibbutz. Non lle gustaría que se condene ao Estado de Israel e que non se condene aos terroristas de Hamás.

Faise un tempo morto (son as 10.50) e pide o reitor que se acheguen os que falaren do manifesto para ver se chegan a un acordo.

Sendo as 11.05 minutos comeza de novo a sesión. Chégase a un acordo cos estudantes (Juan Santos) e os asinantes do Manifesto, polo que se suprime o punto 5 enteiro. O punto 6, suprímese desde “Todo o anterior obriga a suspensión... coas universidades israelís”.

Achégase un estudante, Daniel Fernández, quen comenta que o de eliminar un punto enteiro do Manifesto habería que votalo, ter a oportunidade de votalo entre todos.

O reitor comenta que se os propoñentes chegaron a un acordo, o que se ten que votar é o texto consensuado.

Xosé María Clemente comenta que o que sería bo é a prol de ter máis votos para esta moción.

O reitor comenta se se vota por asentimento ou por votación. Piden votación. O resultado é o seguinte:

50 votos a favor, 3 en contra e 6 abstencións.

Queda aprobado o manifesto consensuado.


O reitor comenta que dentro das bolsas a Universidade de Vigo ofrece bolsas específicas, e unha oferta do noso Campus Remoto para poder reanudar clases nas universidades de Gaza e Cixjordania. O equipo de goberno vai facer o esforzo para contribuír a reconstrución do país.

Apróbase por maioría.

4. Informe do desenvolvemento anual do goberno.

O reitor informa coa seguinte presentación, que quedará a disposición dos claustrais, facendo un resumo do seguinte contido:

Vicerreitoría de investigación, Transferencia e Innovación (I+D+I)



Universidade de VigoUniversidade de Vigo

Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

[illegible]

Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

ACTUACIÓN	PORCENTAJE DE
Control e seguimento de vertedouros incontrolados	100
Recollida e compostaxe de 50 m ² de residuos verdes	100
Recollida de 22.677 kg de residuos químicos perigosos de laboratorio	100
Recuperación e aproveitamento de 753 unidades de residuos electrónicos no Grav	100
662 unidades de residuos electrónicos tratados a través dun vector autorizado	100
Xestión de residuos de experimentación animal	100
Xestión de recollida de luminarias	100
Recollida de consumibles informáticos	100
Control e seguimento de consumos de auga, electricidade e combustibles	100
Seguimento e cuantificación do impacto ambiental da universidade de acordo co estudo da pegada de carbono e da pegada ecolóxica	100
Plantación de 100 unidades de árbores e arbustos e rexeneración de 5000 m ²	100
Control e erradicación das especies invasoras de flora e fauna	100
Planificación do mantemento e conservación das zonas verdes xunto coa Unidade de Xardíns e Paisaxismo	100
Control e seguimento de vertedouros incontrolados	100
Recollida e compostaxe de 50 m ² de residuos verdes	100
Limpeza de maceiras e de frutais para a prevención de incendios forestais	100
Elaboración de inventarios fuxintidos e florísticos xordenos e colonias nos campus	100
Estudo de recursos hídricos subterráneos e superficiais do campus para o seu aproveitamento para regar, extinguir incendios etc.	100
Organización do evento Biotría coa Unidade de Cultura Científica	100
Deixación de xais lóxicos de formación do estudante dos tres campus	100
Realización de dúas xornadas de colaboración para TFG e TFM	100
Programación de campañas de voluntariado ambiental para traballos de conservación da natureza, así como de para a conservación do patrimonio ambiental e arqueolóxico	100
Desembarcamento de campañas de aforro e eficiencia enerxética e de fomento do transporte colectivo	100
Realización de varies cursos e seminarios de formación sobre a produción, reciclaxe e xestión de residuos	100
Promoción do uso de colectores intensos para a recollida selectiva de residuos	100
Inclusión de directivos nos grupos de contribución para a compra verde e posible combinación co programa de educación, concienciación e sensibilización ambiental (para persoas, institucións, universidades, Biotría, Erasmus, etc) no Centro de Linguas, por itinerarios naturais das campus) Universidade é natureza (partida das árbores) para outubro, afluencia a flora e paisaxes dos campus	100

Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

[illegible]

Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica

Xullo 2024		
PDI	EXECUCIÓN 2023	EXECUCIÓN ACTUAL
Garantir contratos indefinidos, actividades científico-técnicas e contratos por obra e servizo	100%	100%
Elaboración do cadro técnico de persoal	100% (anual)	100% (anual)
Análise da situación do colectivo do profesorado axudante doutor	25%	100%
Análise dos custos do adiantamento do paso de profesorado axudante doutor a contratado doutor interino (último ano)	100%	100%
Análise do envellecemento do cadro de PDI	100% (anual)	100% (anual)
Plan de incentivo de xubilación	10%	10%
Incorporación de persoal formado (TU, CU) doutras universidades	0%	0%
Incorporación de profesorado axudante doutor	20%	50%
Promoción de profesorado asociado a axudante doutor	100% (anual)	100% (anual)
Adaptación á LOSU	0%	40%

Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica

ORDENACIÓN ACADÉMICA	EXECUCIÓN 2023	EXECUCIÓN ACTUAL
Medidas facilitadoras do relevo xeracional	20%	40%
	100%	100%
	100% (anual)	100% (anual)
	5%	5%
0-20%		
21-40%		
41-80%		
81-100%		

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

VICERREITORÍA DE TITULACIÓNS E INNOVACIÓN DOCENTE		
COMPROMISOS	2023	2024
CENTROS E DOCENCIA		
Creación do Centro de Posgrao e Formación Permanente	80%	100%
Creación da Facultade de Enfermaría	80%	80%
Estado das titulacións da UVigo	80%	85%
Negociación do novo mapa de titulacións	0%	0%
Virtualización dos laboratorios	40%	70%
Migración a SIGMA	70%	85%
Debate sobre o modelo de planificación docente anual (PDA)	0%	5%
Bolsas de centros	0%	100%

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

FORMACIÓN PERMANENTE		
Incremento e promoción dos títulos propios e dos programas de formación permanente do profesorado	40%	50%
Formación para o emprego	50%	70%
Innovación docente	50%	60%
Programa Universitario de Maiores	50%	60%
Desenvolvemento de MOOC e de microcredenciais	0%	10%
0-20%		
21-40%		
41-80 %		
81-100%		

Vicerreitoría de Internacionalización

PROGRAMAS	OBJETIVO	ACCIONES	DISTRIBUCIÓN TEMPORAL												GRADO DE CONSECUCCIÓN			
			2022			2023			2024			2025				2026		
			1º	2º	3º	1º	2º	3º	1º	2º	3º	1º	2º	3º		1º	2º	3º
Plan de internacionalización	Desarrollar e implementar un novo plan de internacionalización	Revisión e avaliación do plan actual. Desenvolvemento e implementación dun novo plan.																
Regulamentos	Revisión das normas actuais e crear novas normas relacionadas coa internacionalización	Renovación do Consello de Mobilidade. Recopilación, revisión e modificación de todas as normas que afectan á internacionalización. Dirección de novas normas.																
Mobilidades	Aumentar as mobilidades de estudantes, PDI e PDI	Revisión dos actuais convenios e ampliación dos mesmos. Implementación do programa MobilityON. Revisión e mellora da oferta académica para a mellor integración dos centros.																
Plurilingüismo	Mellorar o nivel de plurilingüismo na Universidade de Vigo	Análise das competencias lingüísticas do estudiantado da UG e propostas de plan piloto nos tres campus. Análise das competencias lingüísticas do PDI e do PDI da UG e propostas de mellora.																
Capacitación do talento internacional	Capacitar talento internacional en colaboración cos departamentos de investigación	Búsqueda de oportunidades. Mellora da formación sobre oportunidades e prácticas en inglés.																
Capacitación de estudantes internacionais	Capacitar estudantes internacionais en colaboración cos departamentos de Investigación, de Pedagogía e de Tradución	Asistencia á fase de adaptación. Beca de España, idiomas e apoio lingüístico e académico. Revisión e propostas de mellora das condicións de adaptación dos estudantes internacionais. Formación de traducións universitarias de coeducación internacional.																
Universidades Europeas, ATENEA	Unirse á alianza ATENEA, solicitar a ampliación do proxecto e executalo	Colaborar no proxecto actual. Participar na nova proposta. Desenvolvemento do proxecto (se procede).																
</																		

Vicerreitoría do Campus de Ourense

CAMPUS DE OURENSE	
Acreditación do Campus Auga e desenvolvemento das actividades de investigación	100%
Sinatura e posta en marcha da Cátedra de desenvolvemento sostible do rural ourensán	50%
Planificación e posta en marcha de actividades en vilas da provincia ourensá	35%
Reorganización e impulso da actividade do CITI	35%
Impulso da transferencia e da investigación con empresas	40%
INFRAESTRUTURAS DO CAMPUS DE OURENSE	
Traslado do CACTI ao edificio Campus Auga	100%
Instalación da planta piloto no edificio Campus Auga	100%
Reorganización dos espazos no campus cos novos edificios	0%
Edificio de Aeroespacial	0%
Edificio de Inteligencia Artificial	0%
Instalación fotovoltaica no edificio de Ferro	100%

5. Informe da Valedora Universitaria correspondente ao ano 2023.

O reitor cede a palabra á valedora universitaria, Esther Pillado, quen indica que cumpre coa obriga e rende contas diante da comunidade universitaria. Quere achegar o máis posible os feitos ao informe.

Informa que todos teñen a memoria, falará dos datos e dunha breve análise estatística. Vaise referir tamén as mediacións que tamén se levaron a cabo e non fará alusión a intermediación ou avaliación informal.


A continuación fala do crecemento de 41 consultas no 2022, a 70 consultas ao ano 2023. De 2022 a 2023 aumentaron os expedientes. As consultas aumentaron un 70%. Fala deste aumento de asuntos, non sabe se aumenta a conflitividade ou se se denuncian temas que antes non se denunciaban. Non ten que ver cun aumento de conflitividade, e hai unha maior visibilidade da Valedoría e confianza.

A maioría de expedientes refírense a estudantes, un 66%.

Aproveita para agradecer á vicerreitora de Estudantes o apoio cando a chama para os temas relacionados con ambas.

Valedoría Universitaria

Evolución dos expedientes 2011-2023




Valedoría Universitaria

Evolución das consultas 2019-2023




Valedoría Universitaria

Número de expedientes por colectivo




Valedoría Universitaria

Número de consultas por colectivo




Valedoría Universitaria

Comparativa de expedientes por colectivo dos anos 2020-2023




Valedoría Universitaria

Número de expedientes por campus



Valedoría Universitaria

Número de consultas por campus




Valedoría Universitaria

Número de expedientes por xénero



Valedoría Universitaria


Número de consultas por xénero



Valedoría Universitaria

Mediacións


7 mediacións



Valedoría Universitaria

Recomendacións 2023

29 recomendacións



Agradece a Belén Priego e Rosa López, apoio imprescindible para o funcionamento da Valedoría Universitaria, e de forma mais xeral á comunidade universitaria, xa que só coa colaboración de todos esta Valedoría, independente e imparcial, poderá facer un espazo mais xusto.

Carmen Ruiz Hidalgo agradece á valedora o informe presentado, pero lembra que no artigo 10 da normativa establécese que hai una Comisión asesora que está coa Valedora e, polo principio de boa administración, gustaríalle que lles houbera convocado algunha vez para informarlles, aínda

que sexa discrecional. A valedora dálle as grazas, lembra que a Comisión asesora está para asesorar e acude cando necesita unha axuda deste tipo. Ao longo deste tempo, desde que se nomeou esta comisión, a única vez que tivo necesidade dese apoio foi das súas representantes do PTXAS, e polo tanto dirixiuse a elas, non tivo necesidade de convocar ao PDI, nin aos estudantes. Juan Carlos Mejuto comenta o prestixio da valedora como xurista, e de clara ecuanimidade. Pregunta sobre o informe, preocupoulle a desviación sobre os Campus e se ten pensado empregar vicevaledores nos campus periféricos. A valedora engade que xa dixo no informe que se ten que visibilizar mellor nos Campus Periféricos e adoptar medidas.

O reitor di que lle preocupa a tendencia alcista de reclamacións. No estudantado tiña esperanzas coa modificación da normativa, mais algunha delas comezou en setembro. Pregunta se hai ocos na normativa. A valedora comenta que nas novas normativas sempre hai dúbidas, pero o que lle chama a atención son as reclamacións de PDI e PTXAS

Razóns, a valedora segue sen saber que é, quizais un conxunto de cousas, un pouco de todo. O reitor comenta que haberá que tomar algunhas medidas. A segunda cuestión comenta que ten que ver cos puntos grises da mediación. Hai que coordinalo un pouco mellor, e facer o traballo previo para que a xente acougue e chegar a acordos. A valedora comenta que esa é a diferenza entre consultas e expedientes. A ela gústalle o modelo da Complutense, que significa que dentro da valedoría leva toda a mediación.

O reitor fala de facer unha modificación da RPT, neste momento está traballando intensamente a xerente para ter proximamente un avance neste senso.

6. Informe sobre a transparencia na Universidade de Vigo correspondente ao ano 2023.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Extensión Universitaria quen expón que a responsabilidade de Transparencia colleuna fai pouco e agradece a David Basalo o seu traballo e apoio. É o 7 informe de transparencia, o obxectivo é render contas a sociedade e a comunidade universitaria en temas de transparencia.

O informe está coa documentación dos claustrais.

O reitor pregunta a David Basalo se somos a primeira universidade española que publica a declaración de bens patrimoniais. David Basalo responde afirmativamente, sinalando que somos a primeira universidade española que o fai, o reitor, os vicerreitores/as, e a secretaria xeral.

O reitor di que temos orgullo por ser recoñecidas polos rankings de transparencia.

7. Aprobación, se procede da proposta de creación do Instituto de Investigación de Lingua.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen procede a explicar a memoria de creación:

1. Preámbulo

Consulta interna.

- Contacto co decanato da FFT.
- Contacto inicial con todos os grupos da FFT con liñas de investigación en linguas e en lingüística.
- Creación do grupo de traballo, con reunións periódicas dende finais de 2021:
 - Estudo sobre a investigación/transferencia en linguas en Galicia e na UVigo.
 - Análise DAFO.

1. Preámbulo

Consulta interna.

- Chamadas de participación na iniciativa:
38 investigadores/as vinculados:
 - 20 investigadores/as promotores.
 - 9 investigadores/as garantes
(CU ou emerxentes en convocatorias de excelencia).
- Deseño dun plan estratéxico e dunha axenda científica.
- Carteira de servizos.
- Compromisos cuadrienais.

1. Preámbulo


Consulta interna.

- Áreas científicas:
 - Lingüística interna.
 - Variación lingüística e sociedade.
 - Adquisición e multilingüismo.
 - Tradución, interpretación e accesibilidade.
 - Lingua e literatura.
- Áreas funcionais:
 - Apoio técnico á investigación.
 - Administración básica do iLingua.

1. Preámbulo

Consulta interna.

- Estrutura de goberno:



1. Preámbulo

Consulta externa.

Apoio por consultoría externa.

Entrevistas con centros de referencia.

Dous avaliadores/as externos: máxima puntuación.

Dra. Chelo Vargas Sierra.
Profesora titular de universidade.
Directora do Instituto Universitario
de Linguas Modernas e Aplicadas
(IULMA), Universidad de Alicante.

Dr. Miguel Casas Gómez.
Catedrático de Lingüística Xeral
Director do Instituto de Lingüística.
Aplicada (ILA), Universidad de Cádiz.

2. Xustificación

- Interese dos grupos en aumentar a visibilidade científica e social.
- Oportunidade para proxectos conxuntos e sinerxías entre o ámbito filolóxico e o da tradución e a interpretación.
- Necesidade de incrementar a captación de recursos humanos de investigación en convocatorias competitivas.
- Inexistencia dun instituto semellante no SUG (o Instituto da Lingua Galega está centrado na investigación sobre o galego).

3. Plan estratéxico

Motivación:

- Compartir visión e estratexia para aproveitar a capacidade e a reputación actuais da lingüística na UVigo, creando unha entidade de I+D+i sostible, igualitaria, con relevante impacto académico, social e económico no seu ámbito xeográfico.
- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas dos grupos, aliñadas cos retos globais definidos pola Axenda 2030 (ODS 4, 5 e 8), o programa marco europeo Horizon Europe, a Estratexia Estatal de Innovación e a RIS3 de Galicia.
- Rendibilizar a experiencia organizativa e colaborativa dos grupos e o seu impacto.

3. Plan estratéxico.

Misión:

- Promover e realizar investigación en lingüística de primeiro nivel, ofrecendo infraestruturas científicas para fomentar os avances de vangarda, desenvolvendo investigación transnacional de excelencia.

Visión:

- Acadar recoñecemento internacional, impulsando a multidisciplinaria e atraendo talento.
- Reforzar sinerxías entre a investigación básica e a aplicada.
- Contribuír ao benestar da sociedade mediante a aplicación do coñecemento e da tecnoloxía derivados da investigación desenvolvida.

3. Plan estratéxico

Eixes e obxectivos específicos

EIXES	OBJECTIVO ESTRATÉGICO
CULTURA	OE1. Crear cultura de Centro
GOBERNANZA, ORGANIZACIÓN E XESTIÓN	OE2. Póñer en funcionamento e organizar iLingua
INVESTIGACIÓN	OE3. Desenvolver ciencia de excelencia multidisciplinar e competitiva
CAPITAL HUMANO	OE4. Apoiar o desenvolvemento profesional de profesionais competentes
FORMACIÓN	OE5. Contribuír a crear as novas toracións de científicos/as en lingüística e as súas aplicacións
INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA	OE6. Resolver retos sociais
DIVULGACIÓN DA CIENCIA	OE7. Incluir a sociedade nos avances científicos

3. Plan estratéxico

Accións concretas destacables:

- Happy Day iLingua (para a comunidade e a sociedade).
- Elevator pitch (para o persoal en formación).
- Foro trimestral de investigadores/as séniores e júniores:
 - Mentoría interna
 - Proxectos conxuntos
 - Redes internacionais e mobilidade
- Infraestruturas compartidas.
- Rede alumni.

3. Plan estratéxico

Accións concretas destacables

- Programas estables:
 - Seminarios de investigación.
 - Persoal investigador visitante.
 - Axenda de divulgación (tamén en galego).
 - Serie editorial propia no Servizo de Publicacións.
- Mellora de indicadores.

4. Axenda científica

- Liña 1. Lingüística interna e variación lingüística.
- Liña 2. Sociedade, ideoloxía e política lingüística.
- Liña 3. Linguas, cognición e educación.
- Liña 4. Tradución e interpretación.
- Liña 5. Lingua e literatura.
- Liña 6. Lingua e accesibilidade.
- Liña 7. Humanidades dixitais.

5. Base

- 38 investigadores/as involucrados.
- Apoio institucional:
 - RRHH de apoio Investigo en 2022 e 2023.
 - Orzamento inicial para o acondicionamento da sede.
- Imaxe corporativa:




Instituto de investigación
Lingua
Universidade de Vigo

Universidade de Vigo



5. Base

Web (en construción):



Universidade de Vigo



5. Base

Redes sociais
(Twitter/X):



5. Base

Recursos materiais:

- Laboratorio de linguaxe e cognición



- Espazos na FFT (pavillón Newton)



Dúas avaliacións externas favorables.

En exposición pública do 19/12/2023 ao 19/01/2024,
ningunha alegacións.

Aprobación por unanimidade na comisión de investigación do
15 de decembro de 2023.

Apróbase por asentimento.

8. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:

- A. Mesa do Claustro (2 vacantes)
- B. Consello de Goberno (8 vacantes)
- C. Comisión Electoral (3 vacantes)
- D. Comisión de Estatutos (10 vacantes)
- E. Consello de Campus de Ourense (5 vacantes)
- F. Consello de Campus de Pontevedra (5 vacantes)

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- A. Mesa do Claustro (2 vacantes)
 - Iago Meis Solla (Escola de Enxeñaría Industrial)
 - Alexo Breogán Riobóo Lois (Facultade de Educación e Traballo Social)
 - Juan Santos Grandal (Escola de Enxeñaría Industrial)

Hai que celebrar eleccións

Saen elixidos:

- Iago Meis Solla
- Alexo Breogán Riobóo Lois.

Votos: 8 votos para Iago Meis Solla, 7 votos para Alexo Breogán Riobóo Lois, e 4 votos para Juan Santos Grandal. Un voto en branco.

- B. Consello de Goberno (8 vacantes)
 - José Ángel Álvarez Moreira (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais)
 - Aitor Barbudo Sampedro (Escola de Enxeñaría Industrial)
